

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de maio de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día nove de maio de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(419).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25 de abril e extraordinaria e urxente do 30 de abril de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(410).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL DEN VIGO-ANO 2014. EXPTE. 90297/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 10.03.14, o informe de fiscalización do 29.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de CEDRO, do 14.02.14, conformado poloa concelleira delegada da Área de

Política de Benestar e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobala concesión dunha subvención directa á entidade Médicos do Mundo, con Cif. CIF G79408852, por un importe total de 50.000 euros, con cargo á partida 3133.4890001 “Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, para a realización dun programa de intervención sociosanitaria en rúa con persoas con uso de drogas en situación de exclusión social en Vigo, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro (CE.RE.DA).

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de 50.000€, para o ano 2014, con cargo á partida 3133.4890001 “Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANO 2014»

Vigo, ____ de _____ de 2014

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

Doutra,

D^a María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G79408852 e enderezo para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Islas Baleares nº 15, baixo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a entidade Médicos do Mundo é unha organización non gubernamental (ONG) que traballa dende 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, dende 1995 cun programa de achegamento (outreach) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución.

Médicos do Mundo iniciou, en 2001, un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no entorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias "CEDRO". Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o Centro de Reducción de DANos (CEREDA).

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a disminuir a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de "baixo umbral", seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O programa CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático de drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no cuidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo está concebido como un recurso de atención e cuidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense dende un dispositivo fixo, denominado "Centro de calor e café" e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado para a nosa intervención e o equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo. A sala de calor e café abre as súas portas os luns, mércores e venres de 8:00 a 14:00, mentres que os martes e os xoves adícanse a traballo na rúa.

O interese para a cidade de Vigo dun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos é que non solo posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senón tamén do entorno sociocomunitario onde se ubica.

Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír as da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra liña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2013 foi de 762 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro) .

Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e unidades de rúa.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008 e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional. Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a

cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento (prorrogado), na aplicación orzamentaria 3133 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ó fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Médicos do Mundo, o Concello de Vigo e a dita entidade Médicos do Mundo convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ós seguintes

PACTOS

Primeiro.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e cuidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa e, concretamente, a:

1. Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a correcta execución do Programa.
2. Asumir a súa xestión xeral.
3. Contribuir ó financiamento do custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos necesarios, detallados no orzamento do proxecto presentado.
4. Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
5. Cumplimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade MÉDICOS DO MUNDO, unha subvención para o exercicio 2014 por importe de 50.000 euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, achegará a cantidade de 50.000 € con cargo á aplicación orzamentaria núm. 3133 4890001, do vixente exercicio presupuestario.

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- O 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pagamento anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de 2014, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dúas persoas de Médicos do Mundo e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servicios Sociais ou persoa en que delegue.

Oitavo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 30 de novembro de 2014, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*

♦Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1.Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

2.Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.

3.Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4.Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD.1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ó expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2014.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

3(421).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PRA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2014”. EXPTE. 91311/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 10.03.14, o informe de fiscalización do 2.05.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 29.04.14, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar, a concelleira delegada de dito Servizo e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF: G15924558, para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “vacacións en paz 2014”.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 16.000.- euros con cargo á partida 2310.489.00.11 -convenio saharai- do orzamento vixente, destinado a financiar os gastos de desprazamento de nenos/as saharais procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ 2014”.

En Vigo, na Casa do Concello, ode 2014.

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D^a. Maite Isla Aviión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. Maite Isla Aviión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria o 23.12.2013 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación «SOGAPS» é unha ONG, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2004/007037 que ten entre os seus fins promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre os Pobos galego e saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

II.- Que esta Asociación ven desenvolvendo co Concello de Vigo desde hai anos un importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) ata a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto.

Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante eses meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50°C no deserto, ofertarlles unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do Pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

A Asociación «SOGAPS» conta co recoñecemento do goberno saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia.

III.- Que o Concello de Vigo, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollemento familiar temporal, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista.

Ademais, os datos dispoñibles apuntan a un incremento da demanda de familias acolledoras, quedando mesmo familias sen esta posibilidade, polo que se entende que as Administracións públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce, no caso concreto, na concesión dunha subvención que faga posible o desprazamento destes nenos e nenas saharais ata a nosa cidade.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

Ademais, e ata o 31.12.2015, data na que a Comunidade Autónoma debería asumir as competencias en materia de servizos sociais e de promoción e reinserción social, os concellos deberán seguir prestando os mesmos servizos sociais que antes da entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrancia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrancia pública.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, en tanto que destinada a cofinanciar os

gastos derivados dos desprazamentos de menores refuxiados do Sáhara occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun contorno de conflito armado e que precisan da axuda externa para sobrevivir.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social e humanitario que para o Concello de Vigo representa a actividade da Asociación «SOGAPS», as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharais procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. O número total de nenos/as beneficiarios/as estará en función do custo do traslado e da cantidade subvencionada.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación «SOGAPS» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo nese traslado dos menores saharais desde Alxeria ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, especificamente:

- 1) A buscar e seleccionar ás posibles familias acolledoras.*
- 2) A asignar ós menores ás familias seleccionadas, así como a solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A Asociación comprométese tamén a facilitarlle ó Concello de Vigo o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.*
- 3) A facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores desde Alxeria á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación saharai para Galicia.*
- 4) A asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas ós menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da Asociación «SOGAPS».*
- 5) A dispor o necesario para subscribir as pólizas de seguros que garantan a cobertura de todos os aspectos da actividade.*
- 6) A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- 7) A someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da Memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.*

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha subvención para o exercicio de 2014 por importe de 16.000 € (DEZASEIS MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (partida 2310.489.00.11 -convenio saharais) para a execución do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en Paz 2014”.

CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

5.Un 50% do importe total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

6.O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados, tal como se indica na Estipulación oitava deste Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2014).

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, no prazo de dous meses desde o remate da actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 31 de outubro de 2014, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e, de ser o caso, o importe, procedencia e aplicación doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada así como unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con

indicación das actividades realizadas e unha declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:

- 2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- 3. Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
- 4. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

NOVENA.- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos conste de forma expresa que os pagamentos ós que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ó proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación «SOGAPS» e dous representantes municipais e presidida pola Concelleira da Área de Política de Benestar.

DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar, perante a que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

4(422).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5470/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 6.05.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso”. (expediente 5470-551) ” no seguinte orde decrecente:

1.- Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso.
60 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 500 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

5(423).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE SÁRDOMA C.F. EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13028/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.04.14, o informe de fiscalización do 23.04.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 10.04.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Sárdoma C.F para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría 2ª División Nacional de Fútbol Feminino na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 10.000,00 €. a favor da entidade Sárdoma C.F co CIF: G-36615607 e enderezo social na rúa Camiño Feira S/N en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13028/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.19 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SÁRDOMA C.F. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014 (EXPT. 13028/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don José Manuel Rodríguez López como presidente da entidade Sárdoma C.F. CIF nº G-36615607 e enderezo social na rúa Camiño Feira S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13028/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Sárdoma C.F. conta cun equipo de élite que participa na categoría 2ª División Nacional de Fútbol Feminino, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Sárdoma C.F. desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Sárdoma C.F. impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol Feminino en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.

- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- ◆ Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- ◆ A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.19 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva Sárdoma C.F..

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Sárdoma C.F. na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade Sárdoma C.F. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13028/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Sárdoma C.F. o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Sárdoma C.F. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol Feminino na tempada 2013/2014.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Sárdoma C.F. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Sárdoma C.F. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Sárdoma C.F. unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.19 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

6(424).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE C.D. AMFIV EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13031/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.04.14, o informe de fiscalización do 28.04.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 14.04.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. AMFIV para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honor na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 35.000,00 €. a favor da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa LG Canido Estación S/N en Vigo,

segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13031/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014 (EXPTE. 13031/333)

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, O Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Pablo Beiro Diz como presidente da entidade C.D. AMFIV CIF nº G-36711380 e enderezo social na rúa LG canido Estación s/n en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13031/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. AMFIV conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honor desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade. Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. AMFIV impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Deporte na súa relación coa discapacidade en etatas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- ◆ *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- ◆ *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 35.000,00 €, a favor da entidade deportiva C.D. AMFIV.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade C.D. AMFIV na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade C.D. AMFIV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13031/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. AMFIV o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. AMFIV comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto en cadeira de rodas na tempada 2013/2014.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. AMFIV (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. AMFIV unha subvención por importe de 35.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será incompatible coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014.

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

7(425).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE NA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13047/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.04.14, o informe de fiscalización do 29.04.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 5.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría SuperLiga Feminina 2 na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00€. a favor da entidade C.D. Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, Pta3, Puerta D, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13047/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014 (EXPTE. 13047/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade C.D. Xuvenil de Teis CIF nº G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, Plta.2, pta D, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13047/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis conta cun equipo de élite que participa na categoría SuperLiga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- ◆ Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- ◆ *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.11 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€ a favor da entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade C.D. Xuvenil de Teis na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13047/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. Xuvenil de Teis o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2013/2014.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. Xuvenil de Teis revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.11 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa,

especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

8(426).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE FPR OLIVO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE NA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13027/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.04.14, o informe de fiscalización do 23.04.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 10.04.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva FPR Olivo para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría 2ª División Nacional de Fútbol na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade FPR Olivo co CIF: G-36704666 e enderezo social na rúa Otero Pedrayo, 5, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13027/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.13 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE FPR OLIVO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. (EXPTE.13027/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de ____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, D. Raúl Vila Caride, DNI: 35973210Z, como representante legal da entidade Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo CIF nº G-36704666 e enderezo social na rúa Otero

Pedrayo Nº 5 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13027/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade FPR Olivo conta cun equipo de élite que participa na categoría 2ª División Nacional de Fútbol Feminino desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade FPR Olivo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade FPR Olivo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- ◆ Consegur que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- ◆ A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.13 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva FPR Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade FPR Olivo na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade FPR Olivo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13027/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade FPR Olivo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade FPR Olivo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2013/2014.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade FPR Olivo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade FPR Olivo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade FPR Olivo unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.13 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de

inscripción do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

9(427).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL POR PROCEDIMENTO ABERTO. EXPTE. 15773/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.04.14, o informe de fiscalización do 2.05.14 e dilixencia do 7.05.14, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación, do 22.04.14, conformado polo concelleiro de Educación e polo concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música folk e tradicional por procedemento aberto.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 02.04.2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 04.04.2014 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música folk e tradicional por procedemento aberto.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por importe de 217.334,89 euros (54.333,72 € na anualidade de 2014 e 163.001,17 euros na anualidade de 2015) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de música folk e tradicional por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.18 (“Escola municipal de música folk e tradicional”).

CUARTO.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

10(428).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 4.037,84 A FAVOR DE “IMAXINERÍA S.L.” POLA XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO NA PRIMEIRA QUINCENA DE ABRIL DE 2014. EXPTE. 16037/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05.05.14, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación, do

24.04.14, conformado polo concelleiro de Educación e polo concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 10-14 (doc. num. 140048093) por importe de 4.037,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante a primeira quincena do mes de abril de 2014, de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372.

SEGUNDO.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de IMAXINERÍA SL, por un importe de 4.037,84 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante a primeira quincena do mes de abril de 2014.

TERCEIRO.- Recoñecer as obrigas a favor de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372, polo importe de 4.037,84 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante a primeira quincena do mes de abril de 2014 con cargo á partida 3210 2279903 “Escola municipal de teatro” do vixente presuposto.

11(429).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS PARA O APOIO AO MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS DURANTE O ANO 2014. EXPTE. 6307/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.04.14, o informe de fiscalización do 2.05.14, e de acordo co informe-proposta da xefa de Iguladade, do 7.05.14, conformado pola concelleira de política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2014.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 15.300,00€ (quinze mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaria “*Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras*” 2311 4890004 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

TERCEIRO.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil catorce

REUNIDAS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 6307 - 224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos*
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

II. Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, de recente creación, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

IV. Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo durante o exercicio 2014.

V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 6307-224 como Anexo III.

VI. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

VII. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2014, segundo o programa que se incorpora ao convenio como Anexo I.

As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotará ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir os casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Centro de Emerxencia e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Garantizar o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirten en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de contingencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.

2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 15.300,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

a) A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

b) A segunda por importe de 5.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 5.300,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
- A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

Actuará como secretario/a da comisión un/ha dos/as vogais designado/a por ésa.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

Noveno.- Antes do 10 de decembro de 2014, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2014. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 9 de decembro de 2014.

Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida

ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2014.

12(430).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO CONCELLO

DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EN MATERIA MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 10071/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente do 30.04.14, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a proposta de convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Mancomunidade de Montes de Vigo que establece un marco de colaboración mutua no desenvolvemento de actividades ou accións en materia medioambiental conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 10071/306 e co texto que de seguido se indica.

“PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO EN MATERIA MEDIOAMBIENTAL

En Vigo, de de

REUNIDOS:

DUNHA PARTE, D/Dª., alcalde-presidente/concalleira delegada de Medio Ambiente do Excmo. Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), na súa representación en virtude do disposto

DOUTRA, D. UXÍO GONZÁLEZ PÉREZ, presidente da Mancomunidade de Montes de Vigo (en adiante, MMV), CIF V-36840726, inscrita co número 2987 no Rexistro Xeral de Comunidades de Montes da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, na súa representación segundo resulta do acordo da asemblea xeral realizada o día 10 de marzo de 2014 e o artigo 31 dos seus estatutos,

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para establecer o presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

1.- Que o Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados a), b), l) da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade coa lexislación do estado e da comunidade autónoma de Galicia, ten atribuído competencias na protección do medio ambiente urbano, protección do solo, salubridade, ocupación do tempo de lecer.

2.- A área municipal de Medio Ambiente, en virtude da resolución da alcaldía do 7 de febreiro de 2013 (BOP do 06/03/2013), exerce competencias en materia medioambiental, entre as que destacan:

- Desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

- Velar pola limpeza e mantemento dos carreiros ou roteiros que transcorren polo termo municipal e valorar a conveniencia e oportunidade de crear novos carreiros.

- Velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existentes en todo o termo municipal.

- *Protección de animais no termo municipal.*

- *Limpeza e salubridade de fincas, co obxecto de evitar incendios e cuestións de insalubridade pública en relación co vertidos, residuos, pragas...*

3.- *A MMV é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa a tódalas Comunidades de Montes da cidade de Vigo, ás que representa na defensa dos intereses que lles son comúns, cuxo obxectivo fundacional é a defensa e mellora dos montes das entidades de Vigo, nos seus aspectos económicos, sociais, ecolóxicos, culturais e de relación.*

O entorno urbano e periurbano do Concello de Vigo está rodeado de montes de singular importancia tanto para súa flora, fauna silvestre, como polas súa paisaxe, de titularidade, na súa meirande parte, de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

Estes espazos considéranse de interese para a levar a cabo programas e actividades de sensibilización ambiental, de educación ambiental, de ocupación do tempo de lecer en actividades vinculadas ao medio ambiente, na promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos solos, dos recursos existentes no medio, tanto urbano como rústico ou natural, dos residuos, da reciclaxe e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriaiss, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respectoo e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

4.- *Que de conformidade co anterior, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio marco de colaboración en materia medioambiental, de acordo coas seguintes.*

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O presente convenio servirá de guía para a colaboración entre ambas as dúas institucións en todo tipo de asuntos relativos a materias medioambientais que resulten de interese mutuo, entre os cales se citan de forma non exhaustiva os seguintes:

- *Organización e realización de actividades de información, sensibilización, educación e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, que discorran por zonas de Montes Veciñais en Man Común.*

- *Organización de andainas por rutas medioambientais que discorran, total ou parcialmente, por zonas de Montes Veciñais en Man Común.*

- Colaboración mutua na reparación da sinalética, limpeza de sendas existentes, dentro do termo municipal de Vigo, en especial, nos tramos que discorran polas comunicades de montes: GR 53, GR 58, PR-G 1, PR-G 5, PR-G 9.

- Colaboración mutua en proxectos de creación de novos roteiros ou sendas que discorran total ou parcialmente en zonas de Montes Veciñas en Man Comun.

- Colaboración mutua en materia de limpeza, salubridade de fincas, co obxecto de evitar incendios e cuestións de insalubridade pública en relación co vertidos, residuos, pragas, maleza en cumprimento da normativa vixente.

- Colaboración mutua no intercambio de información, datos, co obxecto de realizar publicacións, traballos e calquera documento que sexa relevante para a realización de proxectos conxuntos, sempre dentro do respecto ás demais cláusulas.

- Informar e facilitar a participación conxunta no ámbito da comunicación social sobre asuntos de mutuo interese.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes consideren de interese e acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDA.- O presente convenio pretende establecer un marco de referencia para a colaboración mutua en materia de medio ambiente, quedando as concretas accións ou actividades que se desenvolvan subxeitas á aprobación dos programas ou actividades na forma legalmente previstas e de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias existentes.

TERCEIRA.- A vixencia e duración do presente convenio será de dous anos a partir da súa sinatura e poderá prorrogarse ano a ano por dous anos máis, por mutuo acordo expreso das partes que deberá adoptarse cada ano e antes da finalización do convenio.

CUARTA.- Para o seguimento do establecido no presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen un máximo de catro representantes da MMV, a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e os técnicos municipais do servizo de Medio Ambiente.

Esta comisión reunirse no prazo de quince días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

QUINTA.- As actividades que se desenvolva no marco deste convenio de colaboración incluirán o logotipo do Concello de Vigo e o da Mancomunidade de Montes de Vigo.

SEXTA.- A MMV está informada de que os seus datos e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada pola MMV en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo

incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade no seu domicilio social.

No tratamento da documentación ou información xerada no ámbito do presente Convenio deberá cumprirse co disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

SÉTIMA.- Cada unha das partes comprométese a non difundir, salvo autorización expresa, ningunha documentación ou información xerada no ámbito do presente Convenio.

OITAVA.- O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.

O ALCALDE

O PRESIDENTE DA MMV “

13(431).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, COMO SOCIO LÍDER DO PROXECTO, E OS SOCIOS PARTÍCIPIES NO PROXECTO EUROPEO COOPERLAND DENTRO DO PROGRAMA “EUROPE FOR CITIZENS PROGRAMME”. EXPTE. 10848/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.03.14, o informe de fiscalización do 6.05.14, e de acordo co informe-proposta do 6.05.14, do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro de Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e os socios do proxecto “Cooperland”:

- ESC Inforights. Roma. Italia.
- International Child Development Initiatives. Leiden. Holanda.
- MittetulundusühingVagaLume. Tallinn. Estonia.
- Društvoarhitekatalstre - Societàarchitettidell'Istria. Pula. Croacia.
- Stichting Peer to Peer Alternatives. Ioannina. Grecia.
- Andaira S. Coop. Mad. Madrid. España.

2º.- Autorizar o gasto de 57.510,80 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo ás seguintes partidas do orzamento de 2014::

- 2410.4800006 “Transferencias a instituciones sin ánimo de lucro”, por importe de 10.731,30 €
- 2410.4900006 “Transferencias a instituciones sin ánimo de lucro al exterior”, por importe de 46.779,50 €.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, COMO XEFE DE FILA E OS SOCIOS DO PROXECTO COOPERLAND
- PROGRAMA EUROPEO CITIZENSHIP EACEA-
(CONVENIO)

Os socios integrados no proxecto financiado pola Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA) teñen que chegar a un acordo sobre as súas responsabilidades mutuas financeiras e legais, incluídas as funcións e responsabilidades do Xefe de Fila, reflectidas no Contrato de Subvención DECISION No 2013 – 4176 / 001-001 (Anexo II ao presente Acordo de Asociación), para o execución do Proxecto COOPERLAND No. 546687-EFC-1-2013-1-ES-EFC-CP integrado na Acción 1-Active Citizens for Europe, Medida 2. Citizen's Projects and Support Measures, Medida 2.1 Citizen's Projects -2013 Round 1 e aprobado a data 23 de outubro de 2013 polo órgano correspondente de Citizenship EACEA, o seguinte acordo se realizará polos seguintes socios:

SOCIO LÍDER

1. *Concello de Vigo. España.
Praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo (España).
Representado a efectos da firma deste convenio por:
Santos Héctor Rodríguez Díaz / Concelleiro de Participación Cidadá
Orzamento aprobado para o Xefe de Fila (totalidade da subvención): 190.944,05€.
A cantidade integrada de co-financiamiento: 76.377,62€.*

SOCIOS DO PROXECTO

2. *ESC Inforights. Roma. Italia.
ViadeiVolsci, 159, 00185 Roma (Italia).
Representado a efectos da firma deste convenio por: Giuliana Visco.
Orzamento aprobado para socio (integrado na partida total): 8.327,00 €.*
3. *International Child Development Initiatives. Leiden. Holanda.
HooglandseKerkgracht, 17f, 2312 HS Leiden (Holanda).
Representado a efectos da firma deste convenio por: Rutger Van Oudenhoven.
Orzamento aprobado para socio (integrado na partida total): 8.158,10 €.*
4. *Mittetulundusühing VagaLume. Tallinn. Estonia.
Järveotsatee, 39-70, 13520 Tallinn (Estonia).
Representado a efectos da firma deste convenio por: Lucas Barreiro Lemos.
Orzamento aprobado para socio (integrado en la partida total): 9.416,50 €.*
5. *Društvo arhitekata Istre - Società architetti dell'Istria. Pula. Croacia.
Istarska ulica, 30, 52100 Pula (Croacia).
Representado a efectos da firma deste convenio por: Emil Jurcan.
Orzamento aprobado para socio (integrado na partida total): 10.674,90 €.*
6. *Stichting Peer to Peer Alternatives. Ioannina. Grecia.
Kougiou, 45221 Ioannina (Grecia).
Representado a efectos da firma deste convenio por: Vasilis Kostakis
Orzamento aprobado para socio (integrado na partida total): 10.203,00 €.*
7. *Andaira S. Coop. Mad. Madrid. España.*

C/Montera, 9, 3.4, 28013. Madrid (España).

Representado a efectos da firma deste convenio por: Nuria Sánchez.

Orzamento aprobado para socio (integrado na partida total): 10.731,30 €.

Artigo 1

Obxecto do contrato.

1. O obxecto deste convenio é o compromiso de acordo entre os socios para implementar o Proxecto COOPERLAND Citizenship EACEA No. 546687-EFC-1-2013-1-ES-EFC-CP, en disposición da DECISIÓN NO 1904/2006/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 12 de decembro de 2006 por la que se establece el programa «Europa con los ciudadanos» para el período 2007-2013 a fin de promover a cidadanía europea activa. O programa de traballo aludido queda reflectido nos anexos a este convenio. Os anexos conteñen:

- A última versión do formulario de solicitude aprobado polo órgano correspondente do programa Citizenship EACEA (Anexo I: Application Form).
- O Contrato de Subvención entre a Autoridade de Xestión del Programa Citizenship EACEA e o Xefe de Fila a data 23 / 10 / 2013 (Anexo II: GRANT DECISION FOR AN ACTION).
- Orzamento oficial do proxecto COOPERLAND, incluíndo información sobre bloques presupuestarios por Actividades do Proxecto e por socio (Anexo III).

2. O importe total do programa de traballo, comprendidos taxas e impostos, da subvención aprobada polo órgano competente da EACEA, e que obxecto deste convenio, é de 190.944,05 €.

3. Os anexos, incluíndo todas as disposicións nas que se basean e se refiren, son considerados como unha parte integral deste acordo.

Artigo 2

Duración

1. O proxecto descrito no Art.1 ten unha duración de 12 meses. Con data de inicio o 13 de xaneiro de 2014 e data de finalización o 12 de xaneiro de 2015.
2. O presente Acordo entrará en vigor a partir do 13 de xaneiro de 2014 en adiante, data de inicio do Proxecto COOPERLAND.
3. O período de elixibilidade de custos comeza o 13 de xaneiro e finaliza o 30 de novembro de 2014 a afectos de xustificación de gastos dentro do exercicio económico do Concello de Vigo.

Artigo 3

Los socios en el acuerdo

1. O Xefe de Fila é o responsable do deseño, a coordinación e a elaboración de directrices técnicas para a implementación do Proxecto COOPERLAND, como se describe no formulario de solicitude aprobado (Anexo I).

2. Os socios do Proxecto COOPERLAND son as organizacións responsables da realización de actividades específicas do proxecto en forma e alcance que se indica na solicitude aprobada.

Artigo 4

Obrigacións

Disposicións xerais

1. O Xefe de Fila e os socios se comprometen a facer todo o posible para apoiar a execución do Proxecto COOPERLAND tal e como se define no formulario de solicitude aprobado (Anexo I), e conforme á xurisdición competente do art. 16 e no Contrato de Subvención (Anexo II).

Obrigacións e deberes do Xefe de Fila

1. O Xefe de Fila deberá cumprir todas as obrigacións derivadas do Contrato de Subvención (Anexo II) e a solicitude aprobada (Anexo I).

- O Xefe de Fila deberá asignar a un coordinador capacitado en xestión de proxectos europeos e que deberá aceptar a responsabilidade operativa para a execución o proxecto en xeral e,
- Nomear a un director financeiro responsable da contabilidade, información financeira e a cofinanciación nacional.
- Iniciar e executar o proxecto de acordo ás descrições reflectidas no formulario de solicitude aprobado (Anexo I).
- Recibir pagos do órgano correspondente do programa Citizenship EACEA.
- Transferir o acordo coas cifras reportadas no Presuposto oficial do Proxecto COOPERLAND (Anexo III) nos termos reflectidos no Artigo 6 do presente documento.
- Os gastos por importe de 57.510,80 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, se realizarán con cargo as partidas dos presupostos xerais do Concello de Vigo :
 - o 2410.4890006 “Transferencias a institucións sen ánimo de lucro”.
10.731,30 €
 - o 2410.4900006 “Transferencias a institucións sen ánimo de lucro ao exterior”.
46.779,50 €
- Garantir unha xestión interna eficaz e un sistema de control, é dicir:
 - a) Administrar e verificar os gastos apropiados da subvención outorgada.
 - b) Levar a cabo a contabilidade xeral do proxecto.
 - c) Reaccionar con prontitude a calquera petición dos organismos de execución do programa Citizenship EACEA.
 - d) Notificar a seus socios de forma inmediata de calquera acontecemento que poida conducir a unha interrupción temporal ou definitiva ou calquera outra desviación do proxecto.
 - Manter en todo momento para fins de auditoría todos os arquivos, documentos e datos sobre o Proxecto COOPERLAND nos medios tradicionais de almacenamento e de acordo á LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL e a súa normativa de desenvolvemento dunha maneira segura e ordenada durante un período mínimo de 5 anos despois do pago do saldo final polo programa Citizenship EACEA. Este equilibrio só se transfiren nun período aínda indeterminado de tempo despois de 2015, outros posiblemente máis estatutario períodos de retención, como pode ser indicada pola lexislación nacional, non se verán afectados.
 - Conservar todos os documentos requiridos para a auditoría, proporcionar a información necesaria e dar acceso aos seus locais.
- Ademais, o Xefe de Fila se compromete a por en práctica a parte do proxecto da cal é responsable a nivel local, en paralelo co resto de socios, ao seu debido tempo de acordo as descrições reflectidas no formulario de solicitude aprobado (Anexo I), é dicir:
 - a) Cumprir os compromisos xerais do proxecto, sendo estes os seguintes:
 - Ir aos encontros xerais (Roma, Vigo e Bruselas).
 - Participar nos encontros virtuais.
 - Participar nos encontros para coordinación.
 - Entregar información requirida polo equipo coordinador.
 - Alimentar a plataforma online coa información local.
 - Desenvolver as labores de comunicación do proxecto e difundilo.
 - b) Cumprir os compromisos particulares do proxecto a nivel local, sendo estes os seguintes, englobados nas actividades correspondentes:
 - Actividade 1 Encontro de Arranque do Proxecto Cooperland (Kick Off) en Roma
 - Actividade 2 Contidos e plataforma: recolección de información local e participación na investigación común; e organización do debate a nivel local.

- *Actividade 3 Encontro en Vigo: participación en dous encontros virtuais de organización; xestión das invitacións locais e asistencia ao encontro e participación na súa xestión; e asistencia ao encontro de coordinación 1 día despois do Encontro en Vigo.*
 - *Actividade 4 Adaptación Local e Influencia: adaptación dos produtos ao contexto local; organización do debate a nivel local; comunicación cos políticos locais e xestión das peticións da cidadanía; e actualización da plataforma e participación na mesma desde unha perspectiva local.*
 - *Actividade 5 Encontro en Bruselas: participación nun encontro virtual de coordinación; asistencia ao encontro en Bruselas e participación nos diferentes encontros deseñados; e colaboración coa estratexia de comunicación integral no mesmo.*
 - *Actividade 6 Comunicación: sendo unha actividade transversal a todo o proxecto, participación en un encontro virtual para definir estratexias comúns; actualización da plataforma ao longo dos eventos; e divulgación de resultados e produtos.*
- *Por último, o Xefe de Fila é responsable da xestión das seguintes actividades:*
 - *Todas as labores de coordinación técnica do proxecto e la designación dun Equipo Coordinador.*
 - *Todas as labores referidas á produción da Actividade 3.*
 - *Todas as labores de comunicación transversais ao proxecto, incluíndo o desenvolvemento e programación da web www.COOPERLAND.org en orden ao seu uso xeneralizado polo resto dos socios e o público obxectivo.*
 - *Deseño de todos os materiais gráficos, virtuais e de papelería, que requira o proxecto, en particular no referente á Actividade 6; así como á posprodución de materiais xerados polo proxecto.*
 - *Xestión das traducións e interpretacións necesarias durante as actividades 3 e 5.*
 - *As labores de técnico de son e vídeo que requira a actividade 3.*
 - *Calesqueira outras tarefas sexan necesarias para a completa e satisfactoria execución do proxecto e os seus elementos adxacentes e complementarios*

Obrigacións e deberes dos socios

Cada socio deberá aceptar os deberes e obrigacións seguintes:

- *Nomear a un representante do proxecto a nivel local e dar a dita figura a autoridade para representar ao socio no Proxecto COOPERLAND.*
- *Por en práctica a parte do proxecto da cal é responsable a nivel local a seu debido tempo de acordo ás descricións reflectidas no formulario de solicitude aprobado (Anexo I), é dicir:*
 - c) *Cumprir os compromisos xenerais do proxecto, sendo estes os seguintes:*
 - *Ir aos encontros xerais (Roma, Vigo e Bruselas).*
 - *Participar nos encontros virtuais.*
 - *Participar nos encontros para coordinación.*
 - *Entregar información requirida polo equipo coordinador.*
 - *Alimentar a plataforma online coa información local.*
 - *Desenvolver as labores de comunicación do proxecto e difundilo.*
 - d) *Cumprir os compromisos particulares do proxecto a nivel local, sendo estes os seguintes, englobados nas actividades correspondentes:*
 - *Actividade 1 Encontro de Arranque do Proxecto Cooperland (Kick Off) en Roma*
 - *Actividade 2 Contidos e plataforma: recolección de información local e participación na investigación común; e organización do debate a nivel local.*

- *Actividade 3 Encontro en Vigo: participación nos encontros virtuais de organización; xestión das invitacións locais e asistencia ao encontro e participación na súa xestión; e asistencia ao encontro de coordinación 1 día despois do Encontro en Vigo.*
 - *Actividade 4 Adaptación Local e Influencia: adaptación dos produtos ao contexto local; organización do debate a nivel local; comunicación cos políticos locais e xestión das peticións da cidadanía; e actualización da plataforma e participación na mesma desde unha perspectiva local.*
 - *Actividade 5 Encontro en Bruselas: participación nun encontro virtual de coordinación; asistencia ao encontro en Bruselas e participación nos diferentes encontros deseñados; e colaboración coa estratexia de comunicación integral no mesmo.*
 - *Actividade 6 Comunicación: sendo unha actividade transversal a todo o proxecto, participación nun encontro virtual para definir estratexias comúns; actualización da plataforma ao longo dos eventos; e divulgación de resultados e produtos.*
 - *Calesqueira outras tarefas sexan necesarias para a completa e satisfactoria execución do proxecto e os seus elementos adxacentes e complementarios.*
 - *Todo o referido con anterioridade en relación ás actividades descritas para o partenariado presenta unha excepción no partner 7 Andaira S. Coop. Mad., exento das obrigacións previamente descritas, tal e como se especifica na descrición do Proxecto Cooperland aprobada (Anexo I) e as súas actividades son as que seguen: o liderazgo da liña correspondente a "Comunes de la Economía" e en esta liña terán que traballar e investigar co obxectivo de xerar contidos válidos para a cidadanía e inspiradores de políticas públicas para prácticas cooperativas cidadás integradas nesta temática. Sendo esta unha liña de traballo transversal, súa labor será ademais de asesoramento e supervisión durante o proceso. Ademais, será o partner encargado de homoxeneizar o resto de produtos xerados polo partenariado, incluíndo a súa participación nos Eventos 1, 3 e 5.*
 - *Notificar ao Xefe de Fila de inmediato de calquera cuestión que puidera conducir a unha interrupción temporal ou definitiva ou calquera outra desviación do proxecto.*
 - *Producir todos os documentos requiridos para fins de auditoría e sobre todo proporcionar a información necesaria.*
- Manter en todo momento para fins de auditoría todos os arquivos, documentos e datos sobre o Proxecto COOPERLAND nos medios tradicionais de almacenamento e de acordo a la LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DICIEMBRE, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL e a súa normativa de desenvolvemento de unha maneira segura e ordenada durante un período mínimo de 5 anos despois do pago do saldo final polo programa Citizenship EACEA. Este equilibrio só se transfiren en un período aínda indeterminado de tempo despois de 2015, outros posiblemente mais estatutario períodos de retención, como pode ser indicada pola lexislación nacional, no se verán afectados.*
- *Respectar todas as regras e obrigacións establecidas no Contrato de Subvención (Anexo II).*

Artigo 5

Responsabilidades

1. *Cada socio, incluído o Xefe de Fila, será responsable ante os demais socios, e deberá indemnizar e manter indemne a outros socios, de e contra calquera responsabilidade,*

danos e custos que resulten da falta de cumprimento dos seus deberes e obrigacións establecidas neste acordo e seus anexos.

2. Ningunha das partes será responsable por non cumprir coas obrigacións resultantes deste acordo en caso de forza maior. En tal caso, o socio involucrado debe anunciálo de inmediato por escrito aos demais socios do proxecto.

Artigo 6

Detalles do orzamento e das previsións de pago por parte dos socios

1. O Xefe de Fila é o único responsable ante o órgano correspondente da Citizenship EACEA e o resto dos socios da xestión orzamentaria e financeira do proxecto. O Xefe de Fila será responsable da realización e da transferencia dos pagos correspondentes ao resto dos socios, así como da solicitude de reasignación orzamentaria entre as actividades do proxecto e/ou entre os socios definida no Artigo 7 do presente Acordo.
2. O Xefe de Fila deberá transferir, despois da firma do presente Acordo, e na maior brevidade posible, o cincuenta por cento do orzamento total asignado a cada socio, tal e como se reflicte no Orzamento oficial do Proxecto COOPERLAND, incluíndo información sobre bloques orzamentarios por Actividades do Proxecto e por socio (Anexo III).
Ao final do proxecto e a data non superior a 10 de decembro de 2014, e habendo documentado correctamente as súas responsabilidades durante as actividades do proxecto, o Xefe de Fila deberá transferir, despois da recepción do Informe final, o importe restante previa fiscalización o conformidade dos gastos xustificadas.
Os pagos correspondentes se realizarán sempre previa xustificación dos gastos efectivamente realizados e que deberán quedar acreditados da maneira seguinte:
 - Horas de traballo: será labor do Equipo Coordinador a certificación de dedicación asustada aos requisitos dos socios baseada en criterios de seguimento de actividade e produtos entregados. Non se contemplará ningunha dedución, retención o cargo específico adicional.
 - Viaxes, dietas e outros gastos directamente imputables ao obxecto do proxecto: se acreditará mediante facturas orixinais nas que debe figurar , como mínimo, a seguinte información:
 - Data de emisión
 - Número do documento
 - Identificación do emisor e de receptor
 - Concepto detallado do gasto facturado
 - De non constar o importe da factura en Euros se deberá achegar unha certificación do tipo de cambio pola autoridade competente
 - En ningún caso, os documentos orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas, ni se admitirán simples recibos e/ou recibos de caixa, notas de entrega, albaráns...
3. O Xefe de Fila debe garantir a exactitude dos informes financeiros e documentos elaborados polos socios. O Xefe de Fila pode solicitar máis información, documentación e probas dos socios a tal efecto.
4. Cada socio se responsabilizará do seu orzamento ata a cantidade na que o socio participa no proxecto.
5. Os socios se comprometen a respectar o orzamento por actividade do proxecto e realizar previsións de pago por socio de acordo co Orzamento oficial do proxecto detallado por socio (Anexo III) do presente Acordo.
6. Cada socio se compromete a manter un sistema de contabilidade separada exclusivamente para o proxecto tal e como se define nas Condicións Xerais do Contrato de Subvención (Anexo II). As contas deberán de dispor de rexistros en Euros (EUR; €) dos gastos totais (gastos) e da rendabilidade (íngresos) en relación co proxecto. Os informes contables u outros documentos, incluíndo copias de toda a documentación de

base (facturas, documentos relacionados coa licitación, estados de contas bancarias, etc.) se presentará ao Xefe de Fila, ao organismo designado a tal efecto, de acordo co calendario e os requisitos estipulados polo Xefe de Fila no art. 2 do presente convenio. Para socios que se atopen fóra da zona euro, a conversión dos gastos do proxecto se rexerá de acordo co Art- 10.2 do Contrato de Subvención (Anexo II).

7. A falta de probas ou no caso de incumprimento das normas sobre subvencionabilidade dos gastos, o Xefe de Fila pedirá aos socios volver a redactar os documentos financeiros presentados. En caso de repetirse o incumprimento, o socio principal terá dereito a negar o gasto declarado por un socio. En ese caso, o socio principal está obrigado a informar ao socio en cuestión da negación dos gastos declarados e a motivación da mesma; así como ao órgano correspondente de Citizenship EACEA.

Artigo 7

Modificación do plan de traballo e a reasignación do orzamento

1. Antes de aplicar a reasignación dos custes totais tal e como se indica no formulario de solicitude aprobado (Anexo I) a outra liña orzamentaria, actividade e/ou socio, de conformidade co Art.4 e lea Condición Xeral nº22 (Budget Transfer) do Contrato de Subvención, o Xefe de Fila deberá obter a aprobación do socio ou socios afectados. O Xefe de Fila poderá establecer un prazo para que o socio ou socios afectados aproben estas modificacións polo que, mais alá do prazo fixado se non hai comunicación recibida, a modificación se considerará aprobada polos socios.

Artigo 8

Información e publicidade

1. De acordo á actividade seis xa especificada con anterioridade nas Obrigacións e deberes das partes do art.3 do presente convenio, o Xefe de Fila e os socios porán en marcha conxuntamente un plan de comunicación e difusión que garante unha adecuada promoción do proxecto e os seus resultados hacia potenciais beneficiarios, interesados no proxecto e o público en xeral segundo a Condición Xeral nº7 (Visibility of UnionFunding) do Contrato de Subvención.

Artigo 9

Confidencialidade

1. Aínda que a natureza da execución do proxecto é pública, parte da información intercambiada no contexto da súa aplicación entre os organismos socios do programa, incluíndo ao Xefe de Fila e co órgano correspondente de Citizenship EACEA, pode ser confidencial. Só os documentos e outros elementos expresamente previstos coa declaración de "confidencial" se considerarán como tales.
2. O Xefe de Fila e os socios se comprometen a tomar medidas para garantir que todos os encargados do traballo respecten o carácter confidencial desta información, e non difundila, transmitila a terceiros ou utilízalo sen o consentimento previo del Xefe de Fila e a institución socia que proporcionou a información.

Artigo 10

Cooperación con terceiros, delegación e subcontratación

1. No caso de cooperación con terceiros, da delegación de parte das actividades ou da subcontratación, os socios seguirán sendo responsables exclusivos ante o Xefe de Fila, e a través deste último, aos organismos de execución do programa relativo ao cumprimento das súas obrigacións en virtude das condicións establecidas neste convenio, incluíndo as referidas nas Condicións Xerais do contrato.

2. *O Xefe de Fila deberá ser informado polos socios sobre o tema e as partes de calquera contrato celebrado con un terceiro. Calquera contrato do xefe de fila ou dos socios con un terceiro será da exclusiva responsabilidade do Xefe de fila ou socio contratante, non podéndose en ningún caso estender dita responsabilidade ao resto de socios firmantes.*
3. *Para a exteriorización das actividades no marco do programa Citizenship EACEA, o Xefe de Fila e os socios deberán cumprir coas normas de contratación pública europea e nacional.*

Artigo 11

Asignación, sucesión legal

1. *Nin o Xefe de Fila nin os socios poden ceder os seus dereitos e obrigacións en virtude deste acordo sen el consentimento previo das outras partes en este Acordo.*
2. *As partes neste Acordo son conscientes das disposicións do Contrato de Subvención (Anexo II) co cal o Xefe de Fila está autorizado a ceder os seus dereitos e obrigacións segundo o establecido en dito documento só despois do consentimento previo do órgano correspondente de Citizenship EACEA.*
3. *No caso de sucesión legal, o Xefe de Fila ou o socio en cuestión estará obrigado a transferir todos os dereitos en virtude deste acordo para el sucesor legal.*

Artigo 12

O incumprimento das obrigacións ou atrasos

1. *Cada socio está obrigado a informar ao Xefe de Fila en forma e tempo e a proporcionar todos os detalles necesarios que impidisen a correcta realización do obxecto deste convenio e/ou que poderían por en perigo la execución do proxecto.*
2. *Si un dos socios incumpre, o Xefe de Fila deberá instar ao respectivo socio a cumprir un prazo razoable de tempo. O Xefe de Fila deberá facer un esforzo para poñerse en contacto cos socios para a solución das dificultades, incluíndo a busca da asistencia do órgano correspondente de Citizenship EACEA.*
3. *En caso de que o incumprimento das obrigacións continúe, e que xustificadamente, impidisen a correcta realización do obxecto do convenio, o Xefe de Fila poderá decidir a exclusión do socio correspondente de proxecto, coa aprobación do órgano correspondente de Citizenship EACEA que, ademais, será informado inmediatamente si o Xefe de Fila ten a intención de excluír a un socio do proxecto.*
4. *O socio excluído está obrigado a reembolsar ao Xefe de Fila os fondos que, habendo sido asignados, non se poidan probar que haxan sido utilizados para a execución do proxecto no día da exclusión de acordo ás normas de subvencionabilidade dos gastos.*
5. *En caso de incumprimento da obrigación dun socio que teña consecuencias financeiras para o financiamento do proxecto no seu conxunto, o Xefe de Fila pode esixir unha indemnización para cubrir a suma en cuestión.*

Artigo 13

A demanda de reembolso pola autoridade de xestión

1. *Se a autoridade de xestión do programa Citizenship EACEA, de conformidade co disposto na Condición Xeral nº17 (Sanciones administrativo-financieras) do Contrato de Subvención (Anexo II), esixira o reembolso da subvención xa transferida, cada socio está obrigado a transferir a súa parte da cantidade de pago ao Xefe de Fila. O Xefe de*

Fila, sen demora, presentará a carta pola que a autoridade de xestión do programa Citizenship EACEA firmou a solicitude de devolución e notificará a cada socio a cantidade a reembolsar. O importe de devolución se debe realizar ás dúas semanas seguintes á notificación polo Xefe de Fila. En caso de que a contía a reembolsar estea sometida a intereses, a taxa de interese será determinada de conformidade coas disposicións do Contrato de Subvención (Anexo II) e se aplica a cada socio, incluíndo o Xefe de Fila. En caso de que a razón da autoridade de xestión do programa Citizenship EACEA sexa responsabilidade exclusiva do Xefe de Fila este non poderá estender esta obrigaón aos socios do proxecto, sendo da súa única e exclusiva responsabilidade a obrigaón do reembolso solicitado así como dos intereses asociados ao mesmo. Así mesmo, en caso de que uno o varios dos socios no poidan, por razóns alleas ao resto de socios, realizar o correspondente reembolso, será obrigaón exclusiva do Xefe de Fila responder polo socio ou socios incumpridores ante a autoridade de xestión do programa Citizenship EACEA, independentemente do seu dereito a solicitar con posterioridade aos socios incumpridores da correspondente indemnización polos danos e prexuízos causados.

Artigo 14

As disputas entre os socios

- 1. En caso de calquera disputa entre eles, os socios do proxecto están obrigados a traballar en pro dunha solución amistosa. Os conflitos se refiren ao Equipo Coordinador do proxecto.*
- 2. No caso de que o arranxo amistoso non sexa posible, a controversia se decidirá finalmente en conformidade coa xurisdición do país do Xefe de Fila, segundo art. 16.*

Artigo 15

O transcurso do tempo

- 1. As obrigaóns e dereitos destes contratos estarán sometidos ás condicións de caducidade e prescrición establecidas pola lexislación aplicable en cada caso.*

Artigo 16

Xurisdición competente

- 1. A normativa de aplicación do presente contrato é a Decision No 1904/2006/EC OJ L 378 de 12 de decembro de 2006. Así mesmo atopase afectado polas disposicións legais e normativas que lle sexan de aplicación e, particularmente, polo Código Civil, a Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e de Procedemento Administrativo Común, a Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (LCSP) e a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LGS). Para o caso de controversia respecto do cumprimento deste contrato, as partes se someten expresa e irrevogablemente á xurisdición e competencia dos tribunais de Vigo, renunciando, desde agora, ao foro que, por razón do seu domicilio presente ou futuro puidera corresponderlles.*

Artigo 17

Disposicións finais

- 1. O idioma de traballo obxecto deste convenio será o inglés.*
- 2. Se algunha cláusula deste acordo debe ser total o parcialmente ineficaz, as partes deste acordo se comprometen a substituír a disposición ineficaz por unha disposición efectiva*

que se acerque o mais posible á finalidade da disposición orixinal. En caso de dubida a interpretación da disposición orixinal deberá ser pactada por todos os socios e o xefe de filas e non será obxecto de imposición por unha parte ao resto, podendo ser reputada como abusiva en caso de que así sexa.

- 3. Este acordo só poderá ser modificado por escrito por medio dunha emenda en ese sentido firmada por todas as partes involucradas.*

As modificacións ao proxecto (por exemplo, as relacionadas co tempo, o calendario ou o orzamento) que haxan sido aprobadas polas autoridades de xestión correspondente poden levarse a cabo sen modificar o convenio.

- 4. Calquera cambio de domicilio se notificará ao Xefe de Fila por correo certificado, dentro dos quince días tras o cambio de dirección.*

Concluído, firmado e aprobado en , a

Concello de Vigo

ESC Inforights. Roma. Italia.

International Child Development Initiatives. Leiden. Holanda.

MittetulundusühingVagaLume. Tallinn. Estonia.

Društvoarhitekatalstre - Societàarchitettidell'Istria. Pula. Croacia.

Stichting Peer to Peer Alternatives. Ioannina. Grecia.

Andaira S. Coop. Mad. Madrid. España.

14(432).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE, POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SIN SER OFICIAIS, DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2014. EXPTE. 25140/22.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 05.05.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 27.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Transporte, Cultura, Electromecánicos, Parque Móbil, Extinción de Incendios, Xuventude, Seguridade, OMIC e Patrimonio Histórico, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 5.049'72 € correspondentes ó 1º trimestre de 2014, partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

15(433).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE-2014. EXPTE. 25170/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 5.05.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 25.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 1º TRIMESTRE-2014, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por Angel Alonso González remata por Florentino Prieto Dominguez, e que ascenden a un total de 3,095'39 € (tres mil noventa e cinco euros con trinta e nove céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

16(434).- GATOS DE LOCOMOCIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS, FEBREIRO-MARZO DE 2014. EXPTE. 25174/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 05.05.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, de data 28.04.14, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 5.648,66 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Estévez Villar e que remata en D. José C. Solá Quiroga-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº EXPTE.	SERVIZO	TRABALLADOR	DNI	Nº PERSOAL	MES	IMPORTE
71076-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Marzo 2014	299,44 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Marzo 2014	283,67 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Marzo 2014	245,67 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Marzo 2014	278,73 €

Nº EXPTE.	SERVIZO	TRABALLADOR	DNI	Nº PERSOAL	MES	IMPORTE
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Marzo 2014	292,98 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Marzo 2014	289,56 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Marzo 2014	289,75 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Marzo 2014	284,62 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Marzo 2014	254,79 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Marzo 2014	292,60 €
10912-77		D.Local e Emprego	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Marzo 2014
6551-320	Participación Cidadá	Zaragoza Bastos, Juan A.	35.997.115-E	17704	Febreiro 2014	98,04 €
310-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Marzo 2014	304,00 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Marzo 2014	289,18 €
88736-210	Movilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Marzo 2014	195,70 €
88737-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Marzo 2014	167,01 €
88738-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Marzo 2014	165,68 €
29471/29476-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamaro, Vicente	36.036.018-D	15510	Marzo 2014	202,54 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Marzo 2014	203,30 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Marzo 2014	216,41 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Marzo 2014	252,32 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Marzo 2014	241,87 €
10190-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Marzo 2014	104,88 €
10191-255		Conde Borrajo, Emilio	34.598.864-X	15326	Marzo 2014	13,30 €
	Museo Municipal de Vigo "Quiñones de Leon"	Ballesta de Diego, José Joaquín	36.065.836-L	76439	Febreiro-Marzo 2014	11,40 €
		Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Febreiro-Marzo 2014	46,74 €
		Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Febreiro-Marzo 2014	13,68 €
		Faro Chamadoira, Ángeles	36.033.947-P	15071	Febreiro-Marzo 2014	18,24 €
	Limpeza	Solá Quiroga, José C.	36.036.109-P	15088	Marzo 2014	203,11 €
TOTAL						5.648,66 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.811,81 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	187,49 €
9220	Conserxería	593,18 €
1330	Movilidade, Seguridade e Transportes	528,39 €
9310	Servizos Económicos	1.116,44 €
1640	Cemiterios	118,18 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de Leon"	90,06 €
1620	Limpeza	203,11 €
	TOTAL	5.648,66 €

17(435).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE ONCE AXUDANTES DE OFICIOS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. Nº 25178/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 27.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de once funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de data 24 de marzo de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 115.039,32€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral do vixente orzamento prorrogado para o presente ano 2014, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, DNI 50.097.360-W, D. ARTURO MERA AIRA, DNI 32.818.670-Q, D^a. ALEJANDRA PRIETO ALMARAZ, DNI 70-873.827-V, D. ÓSCAR BALLESTEROS VÁZQUEZ, DNI 36.158.387-H, D. JOSÉ OTERO FERVENZA, DNI 78.734.225-G, D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SUÁREZ, DNI 36.050.235-N, D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA, DNI 36.140.031-Q, D^a. LEONOR M^a BARRIO MARTÍNEZ, DNI 13.144.088-W, D^a. TERESA QUINTEIRO DOMÍNGUEZ, DNI 53.175.920-N, D. RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA, DNI 36.118.838-Y, e D. MIGUEL SAÚL SAN MARTÍN BARREIRO, DNI 35.316.684-T, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332)”.

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

18(436).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGO PÚBLICO MUNICIPAL JOSÉ FROJÁN VILLAVERDE CON EFECTOS DE 30/05/2014. EXPTE. 25141/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse cotna do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, de 22.04.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. JOSÉ FROJÁN VILLAVERDE, con DNI 76486073-X, resultan os datos seguintes:

- *vínculo xurídico: funcionario de carreira,*
- *nº de persoal: 13907,*
- *data de nacemento: 30/03/1949.*
- *praza: Axudante Oficios, subgrupo E de titulación,*
- *posto de traballo: Axudante Oficios, código 147, adscrito ao Servizo de Unidade Parque Central Servizos (430),*
- *Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 09, con 35 anos e 4 meses de cotización.*

2.- *Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 30/05/2014.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "

III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en termos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 08/02/2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario/empregado municipal D. JOSÉ FROJÁN VILLAVARDE, con nº de persoal 13907, na praza de Axudante de Oficinas, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 30/05/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 29.04.14, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(437).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. JOSÉ CARLOS GÓMEZ GÓMEZ CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DUNHA SARDIÑADA NO PARQUE VISTA DO MAR. EXPTE. 88600/210.

De conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 30.04.14, conformado polo concelleiro delegado de Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

DEVOLVER a don José Carlos Gómez Gómez, NIF 36.050.215. S, a fianza de 2000 € constituída para responder dos posibles danos con motivo da celebración dunha sardiñada realizada en data 23/06/13 no parque situado enfronte da asociación veciñal no parque Vista do Mar, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

20(438).- PROXECTO PARA EXECUTAR AS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DA RÚA BAIXADA MESTRE CHANÉ”. EXPTE. 2346/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.14, e de acordo co informe de fiscalización do 29.04.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 25.04.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Renovación das redes de abastecemento e saneamento da Rúa Baixada Mestre Chané.

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 16 de abril de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Renovación das redes de abastecemento e saneamento da Rúa Baixada Mestre Chané, acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 2 de agosto de 2013, acorda encargarse á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data abril de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA” presentou proxecto redactado por Soltec Ingenieros para a Renovación das redes de abastecemento e saneamento da Rúa Baixada Mestre Chané, por un importe total de 445.176,64 € (IVE excluído).

Con data 22 de abril, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

Ao mesmo tempo e en data 22 de abril a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA”, presenta os costes asociados ao proxecto por un importe de 18.686,20 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	7.481,96 €
• Asistencia técnica.....	7.481,96 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.870,49 €
Suma.....	16.834,41 €
11 % Gastos Xestión.....	1.851,79 €
Total (IVE excluído).....	18.686,20 €

O Enxeñeiro Industrial, D. Jerónimo Centrón Castaños, indica no seu informe de data 22 de abril que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobación do proxecto para executa-las obras de Renovación das redes de abastecemento e saneamento da Rúa Baixada Mestre Chané , por un importe total de 445.176,64 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os costes asociados ao proxecto por importe de 18.686,20 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	7.481,96 €
• Asistencia técnica.....	7.481,96 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.870,49 €
Suma.....	16.834,41 €
11 % Gastos Xestión.....	1.851,79€
Total (IVE excluído).....	18.686,20 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(439).- RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN “UE IV-12 RAMÓN NIETO 6”, ACORDAR O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES URBANÍSTICAS COLABORADORAS. EXPTE. 5081/401.

Dáse conta do infor4me-proposta da técnico de Administración Xeral, do 24.04.14, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- I. O proxecto de compensación da U.E. IV-12 Ramón Nieto 6, foi aprobado definitivamente polo Presidente da xerencia municipal de Urbanismo con data do 30 de xuño do ano 2000 (Expte 4166/401). Dito proxecto foi corrixido por acordos posteriores do Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 9 de novembro de 2000; con data do 11 de xaneiro de 2001 polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo foi aprobado un Texto refundido.

- II. *Previamente fora aprobada a escritura pública de constitución da Xunta de Compensación da U.E. IV-12 Ramón Nieto, 6, outorgada ante o notario de Vigo don Álvaro Moure Goyanes con data do 30 de novembro de 1999 baixo o núm. 2.548 do seu protocolo, polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de 17 de febreiro de 2000 (Expte 4191/401). Mediante resolución do director xeral de Urbanismo da C.P.T.O.P.V. De 27 de marzo de 2000 ordenouse a inscrición da entidade nomeada Xunta de Compensación da U. E. IV-12 RAMÓN NIETO, 6 do Concello de Vigo, no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.*
- III. *No citado proxecto de compensación determinábase que "(...) En cumprimento do disposto no apartado 3.2.5.b), in fine, das Normas Urbanísticas do PXOU de Vigo, sobre conservación de zonas verdes e espazos libres, a futura conservación das mesmas será de cargo da entidade de conservación que se constituirá por transformación da propia Xunta de Compensación, os estatutos da cal serán presentados para a súa aprobación ao Concello de Vigo (...)". Neste senso, por acordo do Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 17 de xullo de 2003 aprobouse definitivamente o proxecto de Estatutos para a constitución e funcionamento, por transformación da Xunta de compensación, nunha Entidade Urbanística Colaboradora de Conservación da Unidade de Actuación IV-12, Ramón Nieto, 6, cuxo texto publicouse no BOP de Pontevedra núm. 23, de 4 de febreiro de 2003 (Expte 4349/401).*
- IV. *Con data do 7 de agosto de 2003, de cara a proceder á inscrición da entidade urbanística de conservación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras, deuse traslado á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, do xustificante orixinal correspondente á Administración do aboamento da taxa correspondente, dunha copia debidamente dilixenciada dos Estatutos da entidade urbanística de conservación e da certificación orixinal da aprobación definitiva dos Estatutos polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 17 de xullo de 2003.*
- V. *Con data do 2 de setembro de 2003 e novamente do 7 de outubro de 2003, a Dirección Xeral de Urbanismo requiriu a certificación (orixinal ou copia debidamente dilixenciada) da aprobación da constitución da Entidade Urbanística de Conservación polo Concello, facendo constar a composición do seu órgano reitor; non obstante, con data do 4 de outubro de 2004 resolveu declarar o desistimento da solicitude de inscrición da "Entidade de Conservación da Unidade de Actuación IV-12 Ramón Nieto 6" do Concello de Vigo, no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.*
- VI. *Requirida novamente a Xunta de Compensación para a súa constitución en entidade urbanística colaboradora, con data do 17 de xuño de 2005 por don Andrés Méndez González en calidade de "ex secretario" da Xunta de Compensación da U.E. IV-12 Ramón Nieto 6, achégase escrito informando da adopción do acordo de disolución da Xunta de Compensación da citada Unidade de actuación por transformación en entidade de conservación, non obstante a continuación manifesta a imposibilidade da constitución da dita entidade de conservación pola non consecución do quorum necesario e sinala o cese nas súas funcións de todos os membros da Xunta de Compensación; axunto a este escrito achega unha copia da acta notarial autorizada polo notario José Antonio Rodríguez González co núm. de protocolo 1.432 da asemblea xeral extraordinaria da Xunta de Compensación da Unidade de execución IV-12 Ramón Nieto, 6, celebrada con data do 27 de maio de 2005, onde foron adoptados estes acordos -doc. núm. 50131344 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.*

- VII. Con data do 10 de outubro de 2005 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou, tendo en conta o acordo da Xunta de Compensación da UE IV-12 Ramón Nieto, 6 (punto 2.º da asamblea extraordinaria de 27 de maio de 2005), aprobar a constitución da entidade de conservación da citada Unidade de Actuación, da que forman parte todos os propietarios da mesma (artigo 9 dos Estatutos) e de acordo co previsto nos Estatutos (aprobados definitivamente por acordo do Consello da xerencia municipal de Urbanismo o día 17/07/2003), requirir aos Presidentes das Comunidades de propietarios para que convoquen unha asamblea da Xunta Xeral para o posterior nomeamento dos membros da Xunta Directiva e con posterioridade, comunicar o nomeamento de cargos ao Concello para a inscrición no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.
- VIII. Transcorrido con creces o tempo necesario para a realización de ditas actuacións, con data do 16 de abril de 2009 o Delegado da área de Urbanismo e Vivenda resolveu requirir novamente aos propietarios do ámbito da U.E. IV-12 Ramón Nieto, 6, para que procedesen ao nomeamento dos membros da xunta directiva da “Unidade Urbanística de Conservación da U.E. IV-12, Ramón Nieto 6” segundo os Estatutos aprobados definitivamente polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo en acordo do 17 de xullo de 2003, con comunicación deste nomeamento ao Concello de Vigo aos efectos de proceder a súa remisión ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras e baixo apercibimento de que previa declaración de incumprimento do deber de conservar, procederíase ao artellamento das medidas coercitivas legalmente previstas para acadar a execución das obras de conservación.
- IX. Con data do 21 de decembro de 2012 achégase escrito asinado polo administrador e o Presidente desta entidade urbanística colaboradora, instando a inscrición da entidade urbanística de conservación U.E. IV–12, Urbanización Miranaya, no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras dependente da Xunta de Galicia, para o cal achegan como documentación axunta acta da asamblea xeral celebrada con data do 10 de setembro de 2012 onde se nomea á Xunta Directiva e certificación da secretaria de data do 10 de decembro de 2012 -doc. núm. 120151590 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.
- X. Previos requirimentos de 9 de xaneiro de 2013 e 26 de agosto de 2013 para acreditar que con ditos nomeamentos estase a dar cumprimento ao artigo 18 dos Estatutos aprobados, con data do 3 de abril de 2014 achégase nova documentación consistente na acta da asamblea xeral constituínte da entidade urbanística de conservación U. E. IV-12, Ramón Nieto, 6, de 2 de outubro de 2013, así como na copia da acta notarial autorizada con data do 27 de maio de 2005 polo notario don José Antonio Rodríguez González baixo o número 1.432 do seu protocolo e asemade, o exemplar orixinal correspondente á administración xustificativo do pago da taxa por servizos administrativos, inscrición en rexistros oficiais, primeira inscrición, por importe de 9,65 € -doc. núm. 140041141 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175, de 10 de setembro de 2009-,

- II. *O Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoraciones da Lei do solo,*
- III. *A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións -en diante LOUGA-,*
- IV. *O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,*
- V. *O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico -RPU- e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU-, ambos con carácter supletorio,*
- VI. *A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,*
- VII. *A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,*
- VIII. *A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,*
- IX. *A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,*
- X. *O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,*
- XI. *Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),*
- XII. *O resto de disposicións que poidan afectar,*

Á vista da documentación existente no expediente, emítase a seguinte VALORACIÓN XURÍDICA

I. *Constitución da entidade urbanística de conservación.-*

De conformidade co disposto polo artigo 110.6 da LOUGA, o planeamento urbanístico poderá prever a obriga dos propietarios dos solares resultantes da execución da urbanización de constituirse en entidade urbanística de conservación, e, neste caso, a conservación da urbanización corresponderá a esta entidade polo prazo que sinale o Plan. Por outro lado, o RXU prevé a consitución destas entidades nos seus artigos 24-30 (Sección Sexta do Capítulo I do Título I, referente ás entidades urbanísticas colaboradoras) e 67-70 (Capítulo IV do Título II, adicado á conservación da urbanización).

Establece o artigo 25 do RXU que as entidades de conservación das obras de urbanización poderán constituirse especificamente para ditos fins ou COMO

CONSECUENCIA DA TRANSFORMACIÓN DALGUNHA ENTIDADE PREEXISTENTE, tal é o caso das Xuntas de compensación. Sinala así mesmo este artigo, que será obrigatoria a constitución dunha entidade de conservación, sempre que o deber de conservación das obras de urbanización recaia sobre os propietarios comprendidos nun polígono ou unidade de actuación, en virtude das determinacións do Plan de ordenación ou bases do programa de actuación urbanística ou resulte expresamente de disposicións legais; en tales supostos, a pertenza á entidade de conservación será obrigatoria para todos os propietarios comprendidos no seu ámbito territorial. Neste senso, tamén o artigo 68 do RXU, despois de entender que a obriga de conservación das obras de urbanización e o mantemento das dotacións e instalacións dos servizos públicos corresponde á administración actuante unha vez que se teña efectuado a cesión daquelas, dispón que, non obstante os propietarios dos terreos comprendidos nun polígono ou unidade de actuación quedarán suxeitos a dita obriga cando así se impoña polo Plan de ordenación ou polas bases dun programa de actuación urbanística ou resulte expresamente de disposicións legais.

No caso que nos ocupa, estableceuse dita obriga no Plan xeral de 1993 e neste senso, tal e como foi sinalado nos antecedentes deste informe, o proxecto de compensación aprobado definitivamente para a U. E. IV-12 Ramón Nieto, 6, determinou que a futura conservación das zonas verdes e espazos libres, sería de cargo da entidade de conservación que se constituiría por transformación da propia Xunta de compensación e cuxos Estatutos serían presentados para a súa aprobación ao Concello de Vigo.

Previa aprobación por unanimidade da xunta xeral de 12 de marzo de 2002 da Xunta de compensación do polígono, o Consello da xerencia municipal de Urbanismo de 17 de xullo de 2003 aprobou definitivamente o proxecto de Estatutos para a consitución e funcionamento, POR TRANSFORMACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN, da entidade urbanística colaboradora de conservación da unidade de actuación IV-12 Ramón Nieto, 6, co texto recollido no BOP de Pontevedra núm. 23, de 4 de febreiro de 2003. Foi publicado este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra núm. 157, de 18 de agosto de 2003. Os Estatutos aprobados fan referencia a esta circunstancia no seu artigo 5, cando sinalan como ámbito de actuación desta entidade, o da unidade de actuación IV-12, Ramón Nieto, 6, de Vigo, segundo foi determinado no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e en desenvolvemento do correspondente Estudio de Detalle, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data do 18 de xuño de 1999.

II. Inscripción no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da CMATI da Xunta de Galicia.-

De acordo co disposto no artigo 27 do RXU "1. A constitución das entidades urbanísticas colaboradoras, así como dos seus Estatutos, aprobaranse pola administración Urbanística actuante.

2. O acordo aprobatorio da constitución inscribírase no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras que levarase nas respectivas Comisións Provinciais de Urbanismo, onde así mesmo, arquivárase un exemplar dos Estatutos da entidade autorizado por funcionario competente.

3. Os nombramentos e ceses das persoas encargadas do goberno e administración da entidade inscribíranse tamén no dito rexistro.

4. A modificación dos Estatutos requirirá a aprobación da administración Urbanística actuante. Os acordos respectivos, co contido da modificación, no seu caso, haberán de constar no rexistro".

Pola xunta de goberno local de data do 10 de outubro de 2005, acordouse aprobar a constitución da entidade de conservación da citada unidade de actuación, da que forman parte todos os propietarios da mesma (artigo 9.º Estatutos) e así mesmo, requirir aos Presidentes das Comunidades de propietarios para convocar unha assemblea da xunta xeral para o posterior nomeamento dos membros da xunta directiva, con posterior comunicación deste nomeamento de cargos ao Concello para a inscrición no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras. Non consta no expediente nin o aviso de recibo da notificación pola xunta de compensación da U.E. IV-12 Ramón Nieto, 6, nin a correspondente publicación deste acordo de constitución no BOP.

Nestes intres, a acta da assemblea xeral da entidade urbanística de conservación U.E. IV-12, Ramón Nieto, 6, celebrada con data do 2 de outubro de 2013 con carácter constituínte e achegada a esta xerencia municipal de Urbanismo con data do 3 de abril de 2014, acredita que foi acordado o nomeamento das seguintes persoas encargadas do goberno e administración da entidade:

*PRESIDENTE: José Argibay Veiga (Bloque 6 - Ernesto Lecuona, 7).
VICEPRESIDENTE: Hilario Romero Montes (Bloque 11 – Baixada O Capitán, 13).
SECRETARIO: Elías Trabada Crende (Bloque 12 – Ernesto Lecuona, 16).
TESOUREIRO: Braulio Cerviño Cerviño (Bloque 7 – José Franco Montes, 1).
VOGAIS: Eduardo Parente Martínez (Bloque 1 – José Franco Montes, 2).
 Patricia Alonso Riveiro (Bloque 2 – José Franco Montes, 4).
 Alberto Puig Carrera (Bloque 3 – José Franco Montes, 6).
 Vicente E. Cruz Pérez (Bloque 4 – Ernesto Lecuona, 11).
 Alberto Puig Martínez (Bloque 5 – Ernesto Lecuona, 9).
 Carlos O. González Sotelino (Bloque 8 – José Franco Montes, 3).
 Juan Pereira Reigosa (Bloque 9 – José Franco Montes, 5).
 Alfonso Martínez Docampo (Bloque 10 – José Franco Montes, 7).
 Belén González Ramírez (Bloque 10 – Concello de Vigo).*

Por outro lado, tamén acredita esta acta que nesta assemblea xeral acordouse modificar o domicilio da entidade ao domicilio do Presidente nomeado na presente assemblea e así, na rotación do cargo en cada anualidade. E por isto que o domicilio social da entidade para o presente exercizo é o domicilio do Presidente nomeado, é dicir, na rúa Ernesto Lecuona, 7, 1.º E.

Neste senso, o artigo 3 dos Estatutos aprobados establece que “O domicilio da entidade radica na rúa Ramón Nieto 162, Baixo de Vigo. Este domicilio poderá ser cambiado mediante acordo da Xunta directiva, dando conta do acordo aos propietarios que integran a entidade e ao Concello de Vigo, e que este, solicite o cambio no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras”.

Aínda que o acordo do cambio de domicilio foi pola assemblea xeral, na mesma estaban presentes os membros da xunta directiva, pois consta que aceptaron os cargos, polo que o Concello debe tomar nota do novo domicilio e solicitar que no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras quede reflexado este cambio.

III. Órgano competente.-

Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano que ten atribuída a competencia para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local por proposta do Consello da xerencia, de

conformidade co artigo 10.1.j) en relación co artigo 3 dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo.

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, en particular os artigos 25 e 27 do RXU, PROPONSE a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Á vista da acta da Asamblea Xeral celebrada o día 2 de outubro de 2013 constituínte da entidade urbanística colaboradora de conservación U. E. IV- 12 Ramón Nieto, 6, ratificar a aprobación da constitución da entidade urbanística de conservación U. E. IV-12 Ramón Nieto, 6, pola Xunta de Goberno Local de data do 10 de outubro de 2005, facendo constar a composición do seu órgano reitor formado por don José Argibay Veiga como Presidente, don Hilario Romero Montes como Vicepresidente, don Elías Trabada Crende como Secretario, don Braulio Cerviño Cerviño como tesoureiro e don Eduardo Parente Martínez, dona Patricia Alonso Riveiro, don Alberto Puig Carrera, don Vicente E. Cruz Pérez, don Alberto Puig Martínez, don Carlos O. González Sotelino, don Juan Pereira Reigosa e don Alfonso Martínez Docampo, como vogais.

SEGUNDO: Nomear como representante desta Administración municipal na xunta directiva a dona María Belén González Ramírez.

TERCEIRO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición desta entidade urbanística de conservación por transformación da Xunta de Compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras e a estos efectos darlle traslado do presente acordo, así como dunha copia debidamente dilixenciada dos Estatutos aprobados definitivamente polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 17 de xullo de 2003, da copia da acta notarial autorizada con data do 27 de maio de 2005 polo notario don José Antonio Rodríguez González baixo o número 1.432 do seu protocolo e do acordo da Xunta de Goberno Local de data do 10 de outubro de 2005 polo que se aprobou a constitución da entidade de conservación da U.E. IV-12 Ramón Nieto, 6.

CUARTO: Aprobar o novo domicilio social da entidade urbanística de conservación U.E. IV-12 Ramón Nieto, 6, na rúa Ernesto Lecuona, núm. 7, 1.º E, 36205, Vigo e instar do rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia que tome constancia desta modificación.

QUINTO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.””

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, con data 5.05.14, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa aprobación á proposta contida no precedente informe.

22(440).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 22.04.14 DE AVOGACIÓN DE COMPETENCIAS E DELEGACIÓN NO CONCELEIRO DA ÁREA DE FOMENTO POR AUSENCIA DA VICEPRESIDENTA DA XMU. EXPTE. 292/406.

Dáse conta da Resolución do Excmo. Alcalde, do 22.04.14, que di o seguinte:

O día 06.09.2010 o Pleno do Concello de Vigo aprobou a versión consolidada ou refundida dos estatutos da Xerencia municipal de Urbanismo (BOP Nº 193 do 06.10.2010).

Por resolución do 08.02.2013, o Alcalde-presidente da Xerencia municipal de Urbanismo nomeou a dona María del Carmen Silva Rego, concelleira delegada a Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio e vogal titular do Consello da Xerencia, vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e lle delegou as facultades que se relacionan no apartado cuarto da dita resolución.

Por mor da ausencia da Vicepresidenta entre os días 22 e 30 de abril do presente ano, ambos os dous incluídos, procede avogar a antedita delegación no relativo ao exercicio das facultades enumeradas no apartado cuarto e encomendar o seu exercicio ao concelleiro da Área de Fomento, don David Regades Fernández.

De conformidade co exposto,RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencias delegadas na vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante resolución do 08.02.2013 no relativo as facultades que lle confire o apartado cuarto durante a súa ausencia do 22 até o 30 de abril de 2014, ambos os dous incluídos, recuperando novamente a súa vixencia a devandita resolución ao día seguinte do período indicado.

SEGUNDO.- Delegar no concelleiro delegado da Área de Fomento, don David Regades Fernández, as competencias da vicepresidencia da Xerencia de Urbanismo enumeradas no apartado cuarto da resolución de delegación do 08.02.2013. Esta Alcaldía recibirá información detallada da xestión da delegación conferida.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución o concelleiro delegado e ás Xefaturas da Xerencia para o seu coñecemento e efectos. A presente resolución terá efectos a partir do día 22 de abril e até o día 30 de abril de 2014. Dar conta da presente Resolución o Consello da Xerencia e á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo da súa publicación na Intranet do Concello de Vigo.

CUARTO.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

QUINTO.- Desta resolución, de conformidade co establecido no artigo 44.4 do RD 2568/1986, en relación co artigo 38 d) do mesmo corpo legal, daráse conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

23(441).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13017/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.04.14, o informe de fiscalización do 08.05.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 05.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Vigo Voleibol para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Superliga Masculina de Voleibol na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 40.000,00 €. a favor da entidade Club Vigo Voleibol co CIF:G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13017/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento. Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 2.594,33€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Club Vigo Voleibol polos usos deportivos da entidade.
- 37.405,67€ serán abonados directamente a entidade Club Vigo Voleibol co CIF: G-36658219, mediante transferencia bancaria.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Guillermo Touza Rodríguez, como presidente da entidade Club Vigo Voleibol CIF nº G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13017/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Vigo Voleibol conta cun equipo de élite que participa na categoría SuperLiga Masculina de Voleibol, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Vigo Voleibol desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade. Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Vigo Voleibol impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.10 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 40.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Vigo Voleibol.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os

intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Club Vigo Voleibol na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade Club Vigo Voleibol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, salvo a débeda co IMD contemplada no presente convenio, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13017/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Vigo Voleibol o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Vigo Voleibol comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.*
- Xornadas de formación.*
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- ...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Club Vigo Voleibol na tempada 2013/2014.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Colaborar coa entidade Club Vigo Voleibol na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os médios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Vigo Voleibol (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Vigo Voleibol unha subvención por importe de 40.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.10 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 2.594,33€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Club Vigo Voleibol polos usos deportivos da entidade.*
- 37.405,67€ serán abonados directamente a entidade Club Vigo Voleibol co CIF: G-36658219, mediante transferencia bancaria.*

No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.*

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Noveno.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.*

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- *A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo primeiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo segundo.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

24(442).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13018/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.04.14, o informe de fiscalización do 08.05.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 5.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Bosco para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na

categoría Liga Feminina 2 na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 67.500,00 €. a favor da entidade Club Deportivo Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na rúa Condesea Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13018/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento. Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 9.631,03€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade CD Bosco polos usos deportivos da entidade.
- 57.868,97€ serán abonados directamente a entidade CD Bosco co CIF: G-36692317, mediante transferencia bancaria.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, Alcalde de Vigo Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Francisco Araújo Sestelo como presidente da entidade C.D. Bosco CIF nº G-36692317 e enderezo social na rúa Condesea Casa Bárcena, 9 Bajo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13018/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. Bosco conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. Bosco desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. Bosco impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- ◆ Conseguiar que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- ◆ A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.05 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 67.500,00 €, a favor da entidade deportiva C.D. Bosco.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto xeral da entidade C.D. Bosco na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade Club Deportivo Bosco non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, salvo a débeda co IMD contemplada no presente convenio, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13018/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. Bosco o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2013/2014.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. Bosco (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. Bosco unha subvención por importe de 67.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.05 do orzamento en vigor, mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 9.631,03€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade CD Bosco polos usos deportivos da entidade.
- 57.868,97€ serán abonados directamente a entidade CD Bosco co CIF: G-36692317, mediante transferencia bancaria. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou

documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

25(443).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE SOCIEDAD DEPORTIVO OCTAVIO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014. EXPTE. 13024/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.04.14, o informe de fiscalización do 08.05.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 05.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva S.D. Octavio para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honor Plata na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 90.000,00 €. a favor da entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907304 e enderezo social na rúa Castrelos, 1, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13024/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 10.315,48€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade S.D. Octavio polos usos deportivos da entidade.
- 79.684,52€ serán abonados directamente a entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907384 con enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo, mediante transferencia bancaria.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SOCIEDAD DEPORTIVA OCTAVIO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, O Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Javier Rodríguez López como presidente da entidade S.D. Octavio Vigo CIF nº G-36907384 e enderezo social na rúa Avda de castrelos, 1, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13024/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade S.D. Octavio Vigo conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honor Plata desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade S.D. Octavio Vigo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade S.D. Octavio Vigo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- ◆ Consegur que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*

- ◆ *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.06 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 90.000,00 €, a favor da entidade deportiva S.D. Octavio Vigo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade S.D. Octavio Vigo na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade S.D. Octavio Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, salvo a débeda co IMD contemplada no presente convenio, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13024/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade S.D. Octavio Vigo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade S.D. Octavio Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2013/2014.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade S.D. Octavio Vigo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade S.D. Octavio Vigo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade S.D. Octavio Vigo unha subvención por importe de 90.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.06 do orzamento en vigor, mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 10.315,48€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade S.D. Octavio polos usos deportivos da entidade.
- 79.684,52€ serán abonados directamente a entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907384 con enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo, mediante transferencia bancaria.

No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocato-

ria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto. - *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto. - *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto. - *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo. - *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos*

incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

26(444).- NOMEAMENTO DE DEZASETE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS (TRES OFICIAIS CONDUCTORES, CATRO OFICIAIS DESBROZADORES/XARDINEIROS E DEZ AXUDANTE DE OFICIOS) POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 25127/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7.05.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dezasete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (tres oficiais condutores, catro oficiais desbrozadores/xardineiros e dez Axudantes de oficios), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza contidas no escrito de data 2 de xaneiro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 181.623,48€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como oficiais condutores á D. RAUL VILA IBÁÑEZ, DNI 36.119.876-D, D. JOSÉ ANGEL RODRÍGUEZ CASAL, DNI 36.125.659-L e, D. BENITO VÁZQUEZ MARTÍNEZ, DNI 34.625.352-W, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial condutor , incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de novembro de 2011.

Terceiro.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses , como oficiais desbrozadores/as, a D. FABIO ÁLVAREZ ESCUDERO, DNI 33.274.663-B e D. CARLOS GARCÍA VELOSO, DNI 36.050.888-K, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de oficiais xardineiros, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de xuño de 2011.

Cuarto.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como operarios/as-peóns, a D. JOSÉ MANUEL LAGO GUERRA, DNI 36.092.048-B, D. JOSÉ PENA BESADA, DNI 76.908.282-P, D. RAUL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI 35.557.377-K, D. JOSÈ FÉLIX PASTORIZA ROZAS, DNI. 36.121.570-R, D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI. 36.075.127-H, D. JOSÉ RAMÓN CAPELO RODIÑO, DNI. 44.082.760-V, D. JORGE MARTÍNEZ

ALONSO, DNI. 36.158.508-R e, D. MANUEL REBOREDA MARTÍNEZ, DNI. 36.152.836-X, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de axudantes de oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 26 de decembro de 2011.

Quinto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos Cód. 233-oficial condutor/a, 234-oficial xardineiro/a e, 158-operario-a/peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza (cód. 252)".

Sexto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,15 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,30 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

27(445).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.